

Recomendacións

Le todos os días polo menos 5 páxinas dalgún libro que che guste.

Repasa os tempos dos verbos en modo indicativo, subxuntivo e imperativo e as formas non persoais

1. Escribe as formas correspondentes do copretérito:

eu	ti	El / ela	nós	vós	Eles/ elas
saltar
xogar
comprar
agachar

2. Completa o cadro seguinte coas formas verbais en presente correspondentes:

indicativo	subxuntivo	imperativo
eu bailo
.....	vai ti
.....	eu saia

3. Escribe o participio dos verbos seguintes:

reducir	destruír	producir	influír	construír
.....
.....

4. Escribe unha palabra da familia de cada un destes termos:

– cabalo: – caixa: – chocolate: – pintar:

5. Escribe unha carta a un amigo ou amiga ao que botas moito de menos nestes días de corentena na casa polo coronavirus.

6. Completa:

Forma verbal	Persoa	Número	Modo	Tempo
	3. ^a	singular	indicativo	presente
	1. ^a	plural	subxuntivo	presente
	2. ^a	singular	imperativo	presente
	2. ^a	plural	indicativo	copretérito
	3. ^a	singular	subxuntivo	copretérito
	3. ^a	plural	indicativo	pasado
	1. ^a	singular	indicativo	pasado
	2. ^a	singular	indicativo	futuro

	1. ^a	plural	indicativo	condicional
	-----	-----	participio	-----
	-----	-----	xerundio	-----
	-----	-----	infinitivo	-----

7. Escribe na táboa un determinante de cada do texto e o nome que acompaña.

Despois, completa a táboa coas outras formas de cada determinante:

Determinante	Masculino singular	Masculino plural	Feminino singular	Feminino plural
Artigo
Demostrativo
Posesivo
Numeral
Indefinido

8. Indica a palabra que non ten un prefijo:

- A recuperar.
- B descansara.
- C reposaba.
- D recollida.

9. Indica a palabra que ten un ditongo

- A envío
- B continuaba
- C estacións.
- D podían

10. Le:

O correo

Desde que apareceu a escritura e se puideron pór mensaxes por escrito, comezaba un sistema moi importante da historia da comunicación a distancia: o correo. Está claro que hai miles de anos, cando áinda non existían as oficinas de correos que agora coñecemos, todo era moi diferente...

Na época antiga...



Os reis, emperadores, gobernantes... difundían información (leis, noticias) polos seus dominios a través de mensaxes escritas. Mais tamén había conxuntos de persoas como monxes, xente podente... que se podían permitir enviar mensaxeiros.

Desde que existe a escritura os humanos comunicáronse a través de textos. As antigas grandes civilizacións xa usaban os textos para transmitir mensaxes e editos, como, por exemplo, os faraóns do antigo Exipto, os reis persas e asirios... Ademais de enviar algunas mensaxes de viva voz a través dos mensaxeiros, tamén enviaban textos escritos. Cando se usaron os animais como medio de carga e transporte (mulas, cabalos...) os mensaxeiros, ademais de ir a pé ou correndo, tamén podían desprazarse nestas bestas.

Mais foi durante o Imperio romano cando o envío de mensaxes se fixo dunha forma máis organizada. As redes de camiños e estradas que se construíron naquela época permitían que as persoas se puidesen desprazar máis facilmente e con moita rapidez. Isto quería dicir que un mensaxeiro a cabalo podía levar unha mensaxe en pouco tempo dun punto ao outro do Imperio. Ademais dos emperadores, tamén os romanos ricos e os que gobernaban podían usar os seus mensaxeiros ou escravos para enviar as súas cartas.

As postas

Cando un mensaxeiro levaba unha mensaxe a cabalo, era preciso que descansase nalgún punto do traxecto, que podía chegar a ser moi longo. Por iso os xinetes os facían parar nuns puntos determinados, unhas estacións. Alí o mensaxeiro cambiaba de cabalo. O que levaba reposaba e podíase recuperar e, mentres tanto, el continuaba o camiño con outro cabalo. Estes lugares chamábanse postas, que é a orixe da palabra *postal*, que define o relativo ao sistema de correos.

A medida que o sistema de transporte de mensaxes foi evolucionando, nestas postas xa non se cambiaban só os cabalos. Convertéronse tamén en puntos de recollida, envío e repartición de cartas, mensaxes, paquetes... As postas foron a orixe das oficinas do correo postal.



Na época do emperador Augusto, ata se van crar o *cursus publicus*, un sistema de postas repartidas ao longo das vías romanas, que permitía transmitir os editos, as cartas... a todos os recunchos do imperio.

As pombas mensaxeiras



Foron un dos primeiros carteiros da Historia! As antigas civilizacións usábanas para enviar mensaxes a lugares moi afastados, xa que estaban entrenadas para volver ao seu pombal de orixe. Cunha mensaxe ligada á pata, a pomba deixábase ir e, grazas ao seu bon sentido da orientación, era capaz de voar ata o lugar de onde viñera, que era o destino da mensaxe. As pombas usáronse moito ata que apareceron algúns inventos como o telégrafo, que era máis seguro e rápido.

Os gañadores dos Xogos Olímpicos da antiga Grecia enviábanse ás outras cidades con pombas mensaxeiras!

Texto (adaptado): Eugènia Morer
Debuxos: Laura de Castelle

11. Indica de que trata o texto da lectura:

- A Explica como eran as oficinas de correos na época antiga.
- B Explica como era o correo na época romana.
- C Explica a historia do correo na época antiga.
- D Explica para que se usaban as pombas mensaxeiras.

12. Analiza estas formas verbais do texto:

Forma verbal	Conxugación	Persoa	Número	Tempo	Modo
coñecemos
existían
descansase

13. Busca no texto dúas familias de palabras de, como mínimo, dúas palabras:

Familia 1 →

Familia 2 →

14. Indica a oración que non ten ningún pronomé:

- A As antigas grandes civilización xa usaban os textos para transmitir mensaxes.
- B Os xitenes facíanos parar nuns puntos determinados.
- C As antigas civilizacións usábanas para enviar mensaxes
- D O envío de mensaxes fíxose dunha forma máis organizada.

15. Busca no texto un verbo acabado–uir, escríbeo e anota o seu participio:

verbo → participio →

16. Marca a afirmación sobre a ortografía das palabras que non é certa:

- A No texto non podemos achar palabras con *h* intercalada.
- B Escrivimos *x* ou *s* coa formación *ex-* seguida de *-pl-* ou *-pr-*.
- C As terminación de copretérito de indicativo da 1.^a conxugación escríbense con *b*.
- D Sempre escribimos *v* despois de *b*, *d* ou *n*.

17. Analiza morfoloxicamente:

O coronavirus provocará unha gran crise.

Andamos moi preocupados polo virus estes días.

O alumnado traballa dende a casa.

A todos nos corresponde cumplir as normas.

Lavaremos as mans con frecuencia.

Na casa estamos cómodos e libres de contaxio.